

I PREMIO DE CURTAMETRAXES DA CÁTEDRA IBEROMERICANA

Co obxectivo de promover a visibilidade e coñecemento da historia e significación do *Hospital Hijas de Galicia* (Habana), fundado en 1924 pola *Asociación Hijas de Galicia, Sociedad Sanitaria y de Auxilio Mutuo* para dar cobertura sanitaria ás mulleres galegas emigradas a Cuba en situación de precariedade, así como fomentar o talento do estudantado da USC para a creación de obras audiovisuais, cumprindo deste xeito cos fins para os que foi creada a Cátedra Institucional Iberoamericana, a Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, á vista da proposta da cátedra, convoca o *I Premio de curtametraxes da Cátedra Iberoamericana* nos seguintes termos:

1 DESTINATARIOS/AS

Poderá presentarse a este premio todo o estudantado que estea matriculado en calquera titulación de Grao ou Máster Universitario na Universidade de Santiago de Compostela, no curso académico 2024-2025.

A participación poderá ser de maneira individual ou en grupos de ata 8 persoas, e todas deberán cumprir o requisito establecido no apartado anterior.

Cada estudante poderá concorrer cunha única curtametraxe ao premio.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2 REQUISITOS DA CURTAMETRAXE

A curtametraxe versará necesariamente sobre algún aspecto da historia do Hospital "*Hijas de Galicia*". Poderá ser desde unha óptica documental ou ficcional (neste caso inspirado a partir dalgún dato histórico real do Hospital "*Hijas de Galicia*" ou das súas usuarias en relación co Hospital). Non se terán en conta curtametraxes que non xiren ao redor desta temática.

A lingua principal será o galego ou castelán, mais tamén poderá acompañarse doutras linguas en non máis do 40% do total, cos debidos subtítulos en galego.

A obra deberá ser orixinal e inédita, e non poderá contar cun equipo profesional remunerado nin na súa totalidade nin en parte. Deberá ter título e créditos, e a súa duración será de entre 5 e 15 minutos en total (créditos incluídos).

A técnica será libre e poderase gravar con calquera dispositivo que o permita.

O formato de entrega do arquivo será .mp4 e deberá cargarse nunha plataforma de intercambio de ficheiros en liña, achegando a ligazón (e/ou contrasinal para visualizalas, se é necesario).

É condición inescusable para a aceptación de solicitude ao premio, que a curtametraxe non fose premiada con anterioridade en convocatorias das universidades públicas do sistema universitario de España.

As obras que non cumpran os criterios aquí expostos non se terán en conta.

3 CONDICIÓN S

O estudantado participante responsabilízase de que todos os contidos empregados na curtametraxe (audiovisuais, textuais, musicais, sonoros etc.) non están sometidos á propiedade intelectual de terceiros nin a posibles reclamacións legais. Tamén se responsabilizan da cesión de imaxe das persoas que aparezan na curtametraxe, de as houber, e enviarán os documentos asinados de cesión de imaxe oportunos para a participación no premio.

O estudantado participante concédelle a cesión da difusión da obra á Cátedra Iberoamericana. En ningún caso as curtametraxes se empregarán con fins comerciais e a súa difusión sempre se acompañará da mención da autoría.

A participación no concurso implica necesariamente a aceptación do que se expón nesta convocatoria.

Todos os actos derivados desta convocatoria publicaranse no taboleiro electrónico da USC así como polos medios que se estimen oportunos.

4 PREMIOS

Outorgarase un premio de **300 euros (trescentos euros)** á curtametraxe gañadora.

Ás que queden en segundo e terceiro lugar daráselles difusión a través da web da Cátedra Iberoamericana.

No caso de que o xurado considere que ningunha das curtametraxes presentadas acadara un nivel axeitado podería declararse deserto o premio.

O pagamento do premio realizarase con cargo á partida orzamentaria da Cátedra Institucional Iberoamericana da USC Nº 5015 4330 22900.

5 SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>), mediante o procedemento “solicitude xenérica”, dirixiranse á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación indicando no asunto “*I Premio de curtametraxes da Cátedra Iberoamericana*” e acompañaranse dos seguintes documentos:

- ANEXO I – Solicitude e declaración responsable

- Enlace á curtametraxe.
- Documentos de cesión de imaxes de todas as persoas identificables, se as houber, que aparezan na curtametraxe.

Para calquera consulta ou dúbida, poden contactar coa dirección da Cátedra Institucional Iberoamericana: maria.cadaval@usc.es

6 PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes abrirase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da USC e **rematará o 21 de marzo de 2025**.

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase unha lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

7 XURADO DE SELECCIÓN

O xurado do premio estará formado por especialistas do sector audiovisual e/ou cultural designados pola dirección da cátedra.

Teranse en conta os seguintes aspectos para a selección das curtametraxes premiadas:

- a orixinalidade (30%)
- a calidade creativa e audiovisual (30%)
- o fomento do coñecemento da realidade iberoamericana e das relacións con Galicia (40%)

- Fallo do xurado:

O xurado reunirse previsiblemente no mes de abril de 2025 unha vez publicada a resolución definitiva de solicitudes admitidas.

Ditarase resolución provisional co fallo do xurado a través da correspondente resolución, e publicarase no taboleiro electrónico da USC.

Os/as aspirantes aos premios disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución para presentar alegacións.

Transcorrido este prazo ditarase resolución definitiva coa concesión dos premios.

As curtametraxes premiadas daranse a coñecer nun acto público que se celebrará en Santiago de Compostela e ao que asistirán os membros do xurado (na súa totalidade ou en parte). Informarase do lugar específico do acto, así como do día e

da hora, tanto ao estudantado participante como ao conxunto da comunidade da USC.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura.

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022, modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO I. SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE

**SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN AO I PREMIO DE CURTAMETRAXES DA CÁTEDRA
IBEROMERICANA**

Nome e Apellidos:	DNI/NI:		
Correo electrónico:	Teléf.:		
Titulación:			
Título da obra:			
Ligazón á curtametraxe:			
Participación en grupo:			
Número de integrantes do grupo:			
Nome e Apellidos	DNI/NI	Correo USC	Titulación
-			
-			
-			
-			
-			
-			
-			

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que todos os datos reflectidos na solicitude son certos, podendo ser requiridos polo xurado do premio en calquera momento do procedemento para a súa comprobación.
- Que a curtametraxe presentada é orixinal e inédita e non obtivo previamente ningún premio en convocatorias das universidades públicas do sistema universitario español.
- Que os contidos da curtametraxe presentadas non están suxeitos a propiedade intelectual de terceiros nin a posibles reclamacións legais
- Que non incorro en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10* da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que impidan ter a condición de beneficiario/a.

E para que conste e para os efectos oportunos, asino este documento o de de 2025.

Sinatura:

*** Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:** Artigo 10.-Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.

1. Poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. As prohibicións contidas nas letras b), d), e), f) e g) do apartado 2 e no apartado 3 deste artigo apreciaranse de forma automática e subsistirán mentres concorran as circunstancias que, en cada caso, as determinen.

5. As prohibicións contidas nas letras a) e h) do apartado 2 deste artigo apreciaranse de forma automática. O alcance da prohibición será o que determine a sentenza ou resolución firme. Na súa falta, o alcance fixarase de acordo co procedemento determinado regulamentariamente, sen que poida exceder de cinco anos no caso de que a prohibición non derive de sentenza firme.

6. A apreciación e o alcance da prohibición contida na letra c) do apartado 2 deste artigo determinarase de acordo co establecido no artigo 21, en relación co artigo 20.c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

7. A xustificación por parte das persoas ou entidades de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora, sinaladas nos apartados 2 e 3 deste artigo, poderá realizarse mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos, de acordo co establecido na normativa correspondente ou mediante certificación administrativa, segundo os casos. O dito documento poderá ser substituído por unha declaración responsable.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/10/2024 10:48:12.

CSV: B34F-9B82-49C6-951F